

**ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A MENCIAÑA POPULAR NA
PROVINCIA DE LUGO. AS CURACIÓNS POR MEDIO DE ENSALMOS. (I)**

Publicado en “CROA”, nº 17, 2007.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Nos seus inicios a menciña de carácter hipocrático sostiña que o equilibrio entre unha serie de sustancias como a bilis negra, amarela, o sangue e a flema propiciaban a saúde e a súa alteración ou descompensación a doenza. Entón era usual a práctica de sangrías e purgas para acadar a armonía.

No intre actual, ademais de certas pervivencias da menciña humoral, debemos distinguir a biomedicina, a medicina empírico-natural e a menciña popular.

Na biomedicina a doenza amosa unha sintomatoloxía de carácter obxectivo e está regulada por unha terapia de índole química. Este arquetipo que se manifesta nos diferentes centros ambulatorios e hospitalarios está fundamentado na racionalidade biolóxica, xa que prescinde case sempre da propia dinámica do individuo e do seu medio social ¹.

O modelo empírico-natural mostra un carácter máis humano e sociable. Está ligado ás fontes termais, aos balnearios, spas ou balnearios urbanos, e as diferentes prantas medicinais. Este arquetipo presenta un importante interese cos diferentes actos da cultura local vencellados a ensalmos, culto aos santos etc.

Finalmente a menciña popular está ligada a un complexo sistema de crenzas que xira en torno á dualidade ben e mal. Así o mal, encarnado polo demo e as bruxas, está afastado pola intervención do ben, simbolizado por Deus, a Vixe e os Santos ².

OS CURANDEIROS.

Trátase de persoas adicadas a curar practicamente tódalas doenzas das persoas como dos animais. Usan un conxunto de elementos naturais, conxuros, ensalmos e rituais máxico-relixiosos.

¹ FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón. “ Nas Terras da Cova da Serpe: prácticas terapéuticas e consecución da saúde”, páxs. 101-117. Consello da Cultura Galega. 1997, Santiago de Compostela.

² FREIRE, Pilar. *Menciñeiros, saludadores e compoñedores. Los sanadores en la medicina popular de Galicia*. Gran Biblioloteca Temática de Galicia. Radio Voz.2006, páxs.

Dende unha perspectiva xeral son coñecidos como “especialistas curativos tradicionais”. Sen embargo Elisardo Becoña manifesta que desde unha perspectiva afectiva coñécense cos nomes de meigas, bruxos, curandeiros, compostores, corpos abertos, espiritistas, carteiras, sabias, menciñeiros, saludadores, boas mulleres etc.³.

Pola súa banda o etnógrafo Antón Fraguas suliñaba que mentres que os menciñeiros fan uso de elementos máxicos e naturais nos seus procesos curativos, pola contra os curandeiros baseanse no coñecemento da fitoterapia e o uso de elementos naturais que amosan propiedades curativas⁴.

D e tódolos xeitos, o curandeiro amosa, entre outros, unha serie de trazos xerais:

1º. Trata todo tipo de doenzas, tanto de persoas como de animais.

2º. Ás veces, inclúen o amaño de ósos, recibindo tamén o nome de “compostor”.

3º. Non pide remuneración polos seus servicios, senón a vontade -.

4º. A él acoden persoas de lugares lonxanos. En bastanes ocasións, o paciente recorre ao curandeiro, logo de acudir ó médico.

5º. Usan herbas e outros procedementos naturais como agua, encrucilladas etc.

Tamén pode acompañar os elementos naturais con oracións, ensalmos.

6º. O seu coñecemento venlle por herdanza, por terlle transmitido os coñecementos outro curandeiro, ou por ter nado con cualidades especiais⁵.

Aparte do curandeiro hai que distinguir no ámbito feminino as sabias, as boas mulleres, a bruxa e a meiga.

A sabia é unha muller que amosa unha sabiduría no coñecemento das propiedades das prantas, e ademais é recoñecida nun amplo territorio como persoa que sanda doenzas relacionadas co masl de aire, o enganido, o fogo salvo, ou a caída da espinilla e paletilla. Non amosan ningunha relación co ocultismo nin coas forzas do mal.

As boas mulleres son aquelas veciñas que, aínda que non posúen a popularidade das primeiras, coñecen unha serie de remedios eficaces para certas doenzas.

Con respecto ás meigas e as bruxas, o antropólogo aragonés Lisón Tolosana, dínos que mentres a meiga é a causante de doenzas, a bruxa é a que cura e mantén aos axentes daninos alonxados da comunidade⁶. A actuación ceremonial da bruxa está ligada ao ámbito do sagrado. Imitan e substitúen a cregos ao dar consellos e orientacións; así

³ BECOÑA IGLESIAS, Elisardo. *La Medicina Popular*, Vigo: Ir Indo, 1989, páx. 11.

⁴ FREIRE, Pilar. *Ob. cit.*, páx. 44.

⁵ BECOÑA IGLESIAS, Elisardo. *Ob. cit.*, páxs. 12-14.

⁶ LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*, Madrid: Ed. Akal, 1979.

recomendan aos seus clientes que visiten santuarios, recen novenas, den esmolos. Ademais fan cruces coa man dereita, rezan painosos, dan a bicar un crucifixo...⁷.

Pola súa banda, o antropólogo Antón Fraguas manifestaba que tanto as bruxas, as meigas, as lurpias e as feiticeiras son a mesma cousas. Sen embargo, o psicólogo Elisardo Becoña dínos que a meiga é un ser ambiguo que pode estar co ben ou co mal. Así, pode sandar a un neno como envexalo ⁸.

Pola nosa parte, pensamos que tanto as bruxas como as meigas son personases ambivalentes asociados tanto ao ben como ao mal. Cúlpaselles de calquera evento funesto con frases despectivas, do tipo: “Viume unha meiga” ou “eche cousa de meigas”.

Por outra banda, unha das fórmulas máis habituais no ámbito da menciña popular é a curación pola palabra. Ensalmadores, menciñeiros, sabias etc., coñecen un conxunto de ensalmos e oracións, que rematan en invocacións a Deus e á Virxe María, e serven para sandar unha variedade de doenzas.

Neste artigo imos a tratar aqueles ensalmos ou pregarías que se usan dende sempre para sandar “as doenzas ligadas cos ósos”, entre as que incluñimos “a caída da espinilla e paletilla”.

O emprego de ensalmos e conxuros cunha intención terapéutica pertence probablemente dende o paleolítico a case tódalas formas da cultura primitiva. Podemos considéralo conxuro cando nela predomine unha intención imperativa diante das realidades que se trata de modificar ou soslayar. Pola contra, será ensalmo cando na súa intención haxa unha súplica, un rogo. Pois ben, neste caso, a súa eficacia non parece depender só da fórmula mesma do encantamento e do poder ou virtude do que a emprega – crego, home ou muller común- , senón tamén das potencias divinas que oen as palabras do ensalmador ⁹.

A práctica que os gregos chamaban “epodé” conxuro ou ensalmo, existía xa en case tódalas culturas arcaicas. As palabras de que consta o ensalmo non van dirixidas a persoa do doente, senón as potencias que de xeito normal ou en trance rexen os movementos da natureza ¹⁰.

⁷ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *La medicina popular interpretada, II*. Vigo: Ed. Xerais, Vigo, 1986, páxs. 148-149.

⁸ BECOÑA, Elisardo. *Ob. cit.*, pág. 18.

⁹ ENTRALGO, Laín. *La curación por la palabra en la antigüedad clásica*. Barcelona: Anthropos, 1987, páxs. 27-28.

¹⁰ ENTRALGO, Laín. *Ob. cit.*, pág. 32,

“ La voz humana era apta de transmitir, incluso antes del lenguaje articulado, informaciones, ordenes e intenciones; tenía el poder de suscitar por sus explosiones sonoras e innovaciones fónicas todo un universo imaginario. De manera que, a medida que el lenguaje iba evolucionando y definiendo sus estructuras se consolidaba en el seno de la colectividad la fe en la fuerza de la palabra, la confianza en la eficacia de su autoridad ritual. La palabra, que, en la mentalidad arcaica nombra, instituye, desencadena, controla y destruye, también posee virtudes terapéuticas, sirve, en condiciones específicas de uso, en el marco de un ceremonial con fines médicos, que activa procesos de sugestión o autosugestión, para la estabilización psicológica del paciente”¹¹.

CURACIÓN DE DOENZAS LIGADAS COS OSOS.

8.1. A CAÍDA DA ESPINILLA E PALETILLA.

A espinilla tamén é chamada espiña. Trátase dun conxunto de vertebras dispostas en ringleira e artelladas entre sí, que forman o eixe do esqueleto e sosteñen o corpo humano¹². Pola contra co nome de paletilla, tamén chamada paleta, estamos referindo a cada un dos osos planos que articulan o brazo co lombo¹³.

Segundo Lis Quibén, “ dan o nome de espinilla a un hueso situado en la boca del estómago, y que suponen goza de cierta movilidad; de paletilla, a otro, que situado entre los hombros, también disfruta de la misma condición de mudarse de sitio; de calleiro, a la caída del estómago y el de asaduras a la del intestino y demas visceras abdominales. Desde el punto de vista científico la explicación de esas enfermedades se debe a la fractura del apéndice xifoideas; a la ptosis del estómago, del intestino y de las demás visceras abdominales”¹⁴. Segundo Rodríguez López, “se conoce con el nombre de Paletilla a un hueso que hay en la boca del estómago, y otros lo señalan en la espalda, a nivel de los hombros, y que cuando el hueso salta o se baja de su sitio, el individuo

¹¹ A PARTE REI. Revista de Filosofía, nº45, páx. 3, 2006. <http://serbal.pntic.mec.es/AparteRei/>.

¹² CARBALLEIRA ANLLO, Xose M^a, ARES VÁZQUEZ, Carmen, HERMIDA GULÍAS, Carne e outros. Ob. cit, páx. 846.

¹³ CARBALLEIRA ANLLO, Xose M^a, ARES VÁZQUEZ, Carmen, HERMIDA GULÍAS, Carne e outros. Ob. cit, páx. 1432.

¹⁴ LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*, Madrid: Ed. Akal, 1980, páx. 166.

enferma y no se cura con nada hasta que vuelva a su lugar. Hay algunos que denominan Espinilla al que suponen entre los hombros”¹⁵.

Esta doenza consiste no dislocamento dalgún oso e a caída de vísceras que provocan unha alteración no corpo humano. Dita alteración debe ser provocada cando o apéndice xifoideas, que é a punta do esternón, sofre un desprazamento de moi variable índole. A este apéndice, pola forma que amosa, denomínase dun xeito vulgar “paletilla e espinilla”. Agora ben, en anatomía, chámase espiña a toda apófisis ósea longa e delgada. Polo tanto, o termo espinilla podría ser unha sinécdoque, ao nomear ao xifoideas cunha palabra que se asusta ao aspecto que mostra o esternón¹⁶.

Nalgúnhas localidades galegas, a caída de osos e vísceras, coñecese tamén cos seguintes nomes: “caída da espiñela”, “aspinilla”, e “pingelo”; “caída da calleira”, “do calleiro” e “mal do lume de estómago”; e “caída do asadeiro”. Só a caída da Paletilla é a que conserva ese único nome¹⁷.

A sintomatoloxía da doenza é variable: cansancio, malestar xeral, dores das costas e de estómago. Segundo Lisón Tolosana, os achaques son definitivos como “estómago baixo, dolor de espalda, vista lánguida, palidez, desgana...”¹⁸. Outros síntomas, segundo Lis Quibén, son: “el color pálido, estar ojeroso, flácido, anémico, moi debel, falta de respiración, dor de cabeza”¹⁹.

Agora ben, para saber se a sintomatoloxía descrita é produto de dita doenza, hai unha serie de probas encamiñadas a establecer se o doente ten ou non a espinilla ou paletillas caídas. A proba máis xeneralizada que se emprega nesta provincia e noutros lugares de Galicia é a de medir as mans. Tanto o curandeiro, como a meiga e a sabia, deitan ao doente no chán nun lugar liso, xuntanlle e estiranlle as pernas, tendo cuidado de que os pés estén espidos e ben xuntos. Logo, colocanse por detrás do enfermo,

¹⁵ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, Lugo: Ed. Celta, 5ª ed., 1971, páx. 118.

¹⁶ MARÍÑO FERRO, Xosé Ramón. *La medicina popular interpretada, II*. Vigo: Ed. Xerais, 1986, páx. 99.

¹⁷ LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*, Madrid: Ed. Akal, 1980, páx. 166.

¹⁸ LISON TOLOSANA, Carmelo. *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*, Madrid: Akal, 1979, páx. 136.

¹⁹ LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*, Madrid: Ed. Akal, 1980, páx. 167.

collenlle os brazos polas muñecas e estiranlloos por igoal ata xuntar as palmas das mans sobre a cabeza. Se unha man sobresa da outra é sinal de que hai unha doenza. Outro procedemento é apreciar se coinciden as puntas dos pulgares e índices. Se isto non sucede é sinal de que hai unha doenza.

Un dos procedementos máis característicos de curación, que imos tratar neste traballo, e o de recitado de ensalmos, que se coñece vulgarmente por “levantar de palabra”. Neles imos a ver a súa estrutura así como o número de veces que é mester recitalos para que teñan un efecto na curación.

Así en Forcarei (Pontevedra), no intre de lle igualar as mans ao doente recítase o seguinte ensalmo nove veces no transcurso do día.

**“ Paletilla e espiñela
de (nome da persoa),
se volvan ó seu lugar,
como os santiños ó altar,
e as ondiñas ó mar.
Pola gracia de Dios,
e da Virxe María,
con un Padre Nuestro
e Ave María”²⁰.**

En Xavestre (Trazo) (A Coruña), para sandar a doenza menciónase a seguinte xaculatoria.

**“ Paletilla, paletilla,
vai ao teu lugar,
coma os ríos van ao mar.
Co poder de Dios
e da Virxe María,
un Padrenuestro**

²⁰ BECOÑA, Elisardo. *Medicina popular*, Vigo: Ed. Ir Indo, 1989, páx. 44.

e un Avemaría”²¹ .

En Beariz (Orense), o doente e o curandeiro mencionan nove veces seguidas as seguintes palabras.

**“ Ana, Susana, Santa Isabel,
ellas tres hermanas son,
fueron al Monte Calvario
a buscar un ramo de oliva,
para lle erguer a espiñela e paletilla,
a (fulano de tal), que a ten caída.
Pol-a gracia de Dios
e de la Virgen María”²² .**

Por outra banda, segundo Jesús Rodríguez López, as sabias rezan no sacrificio da misa calquera das seguintes oracións:

**“ Paletilla y espinilla,
tente fuerte,
como Jesucristo se tuvo en la cruz.
Con el poder de Dios
y de la Virgen María.
Un padrenuestro
y un avemaría ”²³ .**

**“ Un cura de la sacristía sale
y a decir misa va,
y un hombre le va a ayudar.
Así como estas *cousas* son verdad,
paletilla y espinilla, tripas e calleiro
de (fulano de tal),
se volvan o seu lugar.**

²¹ SIXIREI PAREDES, Carlos. *San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural*. Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1982, páx. 200.

²² LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*, Madrid: Ed. Akal, 1980, páx. 176.

²³ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, Lugo: Ed. Celta, 5ª ed, 1971, páx. 120.

**Con el poder de Dios
y de la Virgen María.
Un padrenuestro
y un avemaría”²⁴.**

Así mesmo, Vicente Risco, para erguer a espiñela caída fai alusión a ensalmos como o seguinte.

**“ Paletilla, espinilla y asaduras,
de (fulano de tal),
Dios se las vuelva a su lugar,
así como el agua va para el mar,
las palomitas al palomar
y el cura da la vuelta en el altar.
Con el poder de Dios
y de la Virgen María,
un padrenuestro,
y un avemaría.
Espinilla, paletilla,
tente en ti,
como Dios se tuvo en sí”²⁵ .ç**

Con respecto á provincia de Lugo, facemos referencia a 26 parroquias, pertencentes a quince concellos, onde se empregan os seguintes ensalmos.

No lugar de Caboxo (Fanoi) (Abadín), para sandar a doenza, había que mencionar as seguintes palabras:

**“ Espinilla, paletilla (de fulano-a de tal)
se volvan ó seu lugar
como se volven as olas ó mar.**

²⁴ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesúa. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, Lugo: Ed. Celta, 5ª ed, 1971, páx. 121.

²⁵ RISCO, Vicente. “ Etnografía. Cultura Espiritual”, en *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo, Akal, Madrid, 1979, páx. 479.

**Polo poder que Dios ten
e a Virxen María. Amén”²⁶.**

Logo rezábase o painoso. O ritual levábase a cabo nove veces ó día durante nove días consecutivos.

En S. Breixo (Guitiriz) dicíase a seguinte oración para curar a enfermidade.

**“ Levántate paletilla, espinilla,
vólvetes ó teu lugar
como o cura se vai ó altar
cando vai misar.
Polo poder de Deus
e da Virxe María,
un painoso e un avemaría”²⁷.**

En Friol, para erradicar este mal, recitábase o seguinte ensalmo:

**“ Levántate paletilla
e vólvetes ó teu lugar,
como a auga de sete fontes
que ó río van dar.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un avemaría”²⁸.**

En Fumayor (Porteliña, A Fonsagrada) dicíase o seguinte:

**“ Paletilla, espinilla,
tapa de pecho, boca de estómago,
arcas de (fulano-a de tal),**

²⁶ CASAVELLA CASTIÑEIRA, Guillermina. De Caboxo (Fanoi) (Abadín).

²⁷ CASTRO FERNÁNDEZ, Elena. De S. Breixo (Guitiriz).

²⁸ CASTRELO GRANDÍO, Elvira. De Friol.

**se vuelvan a levantar
y se vuelva todo a su lugar,
como las ondas del agua del mar”²⁹.**

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e unha avemaría. Logo, tiña que repetirse o ritual durante nove días consecutivos, nos que se aconsellaba ao doente que non collese cousas pesadas.

No concello da Ribeira de Piquín, para erradicar a enfermidade, dicíase a seguinte fórmula:

**“Espinilla, paletilla (de fulano-a de tal)
vuélvete a tu lugar,
como se volvieron las olas del mar.
Mantente fuerte,
como se mantuvo Dios, Nuestro Señor,
hasta la hora de su muerte”³⁰**

En Sto. Tomé (Outeiro de Rei), para expulsar a doenza, citábanse as seguintes palabras:

**“Paletilla, espinilla,
vuélvete a tu sangre,
tente en tus pinceles
como Jesucristo se tuvo
en su muerte.
Un padrenuestro
y un avemaría
en honra a la Virgen María
para que se tenga
la paletilla (de fulano-a de tal)”³¹.**

²⁹ MERA ÁLVAREZ, Gaspar. De Fumayor (Porteliña) (A Fonsagrada).

³⁰ FERNÁNDEZ PORTELA, Pilar. Da Ribeira de Piquín, 87 anos.

³¹ ROIBAS, Carmen. De Santo Tomé (Outeiro de Rei), 74 anos.

En Montecubeiro (Castroverde), sentaban previamente ó doente no chan, logo, cos brazos elevados, igualábanlle as puntas dos dedos; finalmente, mentres o doente permanecía inmóvil e sentado, empregábase durante sete días seguidos o seguinte ensalmo

**“ S. Xoán e Santa Ana
tiveron á Virxe María,
dela naceu o noso Señor Jesucristo
que lle levanta a paletilla e espiñela
a (nome do doente),
polo poder de Deus e da Virxe María,
un painoso e un avemaría”³².**

No concello de Palas de Rei aplicábase o seguinte ensalmo para sandar esta doenza:

**“ As palominas corren ó seu palomar,
tódolos ríos corren pro mar
e o cura da voltas ó seu altar.
Según estas palabras son certas,
paletilla, espiñela e asaduras de (fulano de tal)
Dios as deixe estar se está ben,
e as volva ó seu lugar se está mal
antes del tercer día,
con la gracia de Dios e da Virgen María,
con un padrenuestro y un Ave María”³³.**

O ensalmo recítase durante nove días consecutivos.

Na parroquia de Bóveda (Begonte), para levantar a espinilla e paletilla utilizábanse dous ensamos:

1. **“ Cristo nació,
Cristo murió,**

³² Informante de Montecubeiro (Castroverde).

³³ PEREIRO, Concha. De Palas de Rei, 74 anos.

**Cristo resucitó.
 Como estas son verdades,
 espinilla, paletilla, calleiro, asaduras
 de fulano ou de fulana de tal,
 se vuelvan ó seu lugar,
 como as ondas do río se volvan ó mar.
 Co poder de Dios e da Virxen María
 e do glorioso San Gregorio”³⁴.**

Ao rematar este ensalmo, o doente rezaba un painoso, unha avemaría e unha salve. Logo, o ritual realizábase tres veces ao día durante nove días consecutivos. Ao mesmo tempo, recomendábase ao doente que durante eses días non debía coller cousas pesadas.

2. **“ Santa Ana parió a María,
 María parió a Jesús,
 Santa Isabel parió a San Juan.
 Así como esas son verdades
 espinilla, paletilla, asaduras e calleiro
 de fulano ou fulana de tal,
 se lle volvan ó seu lugar,
 como as ondas do río se volvan o mar.
 Co poder de Dios e da Virxen María”³⁵.**

Ao finalizar a pregaría o enfermo rezaba un painoso e unha avemaría. Logo, o ritual levábase a cabo durante nove días consecutivos.

Na parroquia de Santiago de Cubilledo (Baleira), sentaban ó enfermo nun lugar plano, logo, tendo os seus brazos extendidos cara arriba, miraban se lle podían igualar os dedos das mans; se non podían, a paletilla estaba caída e había que recitar as seguintes palabras:

³⁴ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 263

³⁵ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 263

**“ El cura va decir misa,
el sacristán le va a ayudar,
llevan pan y vino sin consagrar.
Como estas cosas son verdades,
espinilla, paletilla de (nome do doente),
se vuelvan ó seu lugar.
Por el poder de Dios
y de la Virgen María,
un padrenuestro
y un avemaría”³⁶.**

Na parroquia de Guntín, para curar a doenza, dicíase o seguinte:

**“ Ana parió a María,
María a Jesús,
Jesús murió en una cruz.
Así como estas cosas son ciertas,
paletilla, espinilla e calleiro (de fulano-a de tal)
se vuelvan a su lugar.
Por la gracia de Dios y la Virgen,
un padrenuestro y un avemaría”³⁷.**

Este ensalmo recitábase ao doente o sábado, recomendándolle non traballar.

Na parroquia de Donalbai (Begonte), levantábase a espinilla e paletilla utilizando a seguinte xaculatoria:

**“ Santa Ana máis Santa María,
ambas iban para romería.
Díxolle Ana a María,
fulano-a de tal, ten a paletilla caída.
Díxolle María,**

³⁶ GÓMEZ PESTAÑA, J. Antonio. De Santiago de Cubilledo (Baleira), 59 anos.

³⁷ MOURELO PÉREZ, Herminia. De Guntín, 75 anos.

**cala Ana, que eu lla erguería.
Paletilla, espinilla, calleiro,
de fulano-a de tal,
que se volvan ó seu lugar,
como as ondas ó mar,
con el poder de Dios e da Virxen María”³⁸.**

Ao finalizar a pregaría, o doente tiña que rezar un painoso e unha avemaría. A continuación, o ritual repetíase nove veces seguidas durante o mesmo día.

Na Esgrade de Cubilledo (Baleira), dicíase a seguinte pregaría para expulsar a doenza:

**“ O cura vai decir misa
e o mozo para axudar,
con auga, pan e viño
para consagrar.
Se estas cousas son verdades,
espinilla, paletilla,
volvan ó seu lugar,
como volven as olas ó mar
co poder que Deus ten
e a Virxen María. Amén”³⁹.**

En Sudros (S. Pedro do Río, A Fonsagrada) estirábaselle a pel ó doente nove veces, desde os cadrís ata os hombreiros. Cada vez que isto se facía mencionábanse as seguinte palabras:

**“ Espinilla, levántate arriba,
co poder de Deus
e da Virxe María”**

Como remate, aconsellábase o enfermo que non traballase nos vindeiros días.

³⁸ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 265.

³⁹ FERNÁNDEZ DORADO, Emérita. De Esgrade de Cubilledo (Baleira)

En Aspai (Outeiro de Rei), para sandar este mal, facíase referencia a seguinte oración:

**“ Santa Ana parió a María,
María parió a Cristo,
Santa Isabel a S. Juan,
como éstas son tres verdades,
a espinilla e paletilla de (nome do doente),
se lle volva ó seu lugar,
como as ondas ó mar
e o crego revestido no seu altar,
co poder de Dios
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un avemaría”⁴⁰.**

Esta oración había que rezala nove veces.

En Santa María de Gondar (Lugo), para sandar a doenza, recitábase a seguinte pregaría:

**“ Santa Ana parió a Maria,
María parió a Cristo,
Isabel a San Juan.
Así como estas palabras son verdades,
así arca, espinilla, paletilla (de fulano de tal),
se volva ó seu lugar,
coma as ondas do río van ó mar.
Co poder de Deus e da Virgen María”⁴¹.**

Ao rematar o ensalmo, o doente rezaba tres painosos e tres avemarías.

⁴⁰ VÁZQUEZ, Josefa. De Aspai (Outeiro de Rei), 83 anos.

⁴¹ DAFOUZ, Leonides. De Santa María de Gondar (Lugo), 83 anos.

En San Miguel do Camiño(Castroverde), para sandar a espinilla facíase unha pequena cruz sobre a mesma e dicíase o seguinte ensalmo:

**“ Ana parió a Santa Ana,
Santa Ana parió a María,
María pario a Jesús.
Como estas tres cousas
son pura verdade,
espinilla vólvetes ó teu lugar,
como as ondas do mar”** ⁴².

No concello de Mondoñedo, para erguer a espinilla mencionábase a seguinte pregaria:

**“ Espinilla, palatilla, calleiro baixo,
(de fulano-a de tal),
volve ó teu lugar,
coma volven os rolos pr’o mar,
coma volve o cura pr’o altar.
Polo poder que Dios ten
y-a Virxen María. Amén”** ⁴³.

En Illán (Begonte), para levantar a paletilla coa palabra utilizábase o seguinte ensalmo:

**“ Espinilla, paletilla, calleiro, asadura
de fulano-a de tal,
se lle volvan ó seu lugar,
como as ondas ó mar,
e o cura ó seu altar”** ⁴⁴.

Ao rematar o ensalmo, o doente, rezaba tres painosos: un a San Benito, outro a San Gregorio, e o terceiro á Nosa Señorta das Neves.

⁴² ARIAS FERNÁNDEZ, Lucrecia. De San Miguel do Camiño (Castroverde), de 75 anos.

⁴³ LENCE SANAR, Eduardo. *Etnografía mindoniense*, Santiago de Compostela: Edición de Armando Requeixo. Follas Novas, 2000, páx. 71

⁴⁴ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidade popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 264.

O ritual repetíase ó anoitecer durante nove días consecutivos, estando o doente deitado na cama.

Na parroquia de Pígara (Guitiriz) aplicábanse as seguintes palabras para curar a enfermidade:

**“ Espinilla, paletilla e calleiro (de fulano-a de tal),
se volva o seu lugar,
como se volven as olas do mar,
e o cura ó altar.
Non é polo meu poder
nin pola miña sabiduría,
senón polo poder de Dios
e da Virgen María.
Un padrenuestro e
un avemaría”⁴⁵.**

En Grolos (Guntín), para levantar a paletilla, pronunciábase o nome da persoa e recitábase o seguinte ensalmo:

**“ Volve te hueso ó teu lugar
como las palomas al palomar.
Co poder de Deus e da Virxe María,
un padrenuestro e un avemaría”⁴⁶.**

Na comunidade de S. Pedro de Cervantes (Cervantes), sentaban ó doente nunca cadeira, igualábanlle as pernas e levantábanlle os brazos, tirando por eles cara arriba ata que as mans quedaban ó mesmo nivel. Logo era mester repousar e tomar bos alimentos. Como remate, outra persoa dáballes uns masaxes e ía dicindo as seguintes palabras, que tiñan que repetirse durante cinco días seguidos.

“ Refrégoche os osos

⁴⁵ LÓPEZ FELPETO, M^a del Carmen. De Pígara (Guitiriz).

⁴⁶ LÓPEZ, Angelina. De Grolos (Guntín), 71 anos.

**de arriba ata baixo,
e ó cabo duns días
a dor destes osos
irache pasando”⁴⁷.**

En Santalla de Devesa (Friol), para sandar a caída da paletilla, recitábase a seguinte pregaría:

**“ Jesús, José y María me acompañen (sinal da cruz)
a auga corre para o río,
do río corre para o mar,
o cura dando voltas ó redor do seu altar.
Póñase ben a paletilla, asaduras e espinilla
(de fulano de tal)
e volvase ó seu lugar.
Pola gracia de Dios e da Virxen María”⁴⁸.**

No S. Matías (O Veral, Lugo), para sandar esta doenza, utilizábase o seguinte ensalmo:

**“ Paletilla, espinilla,
non sexas maligna,
deixa esta muller (ou home)
e súbete á serriña”⁴⁹.**

Na parroquia de Fontaneira (Baleira), túmbase ó afectado no chan, collenselle os brazos e alzáanse; logo unéanse as mans e miranse se miden o mesmo; finalmente sentase á persoa cos brazos cruzados sobre o peito, cóllenselle os dedos e estíranselle – isto faise para comprobar se ten a paletilla caída-. Ó mesmo tempo recítase o seguinte ensalmo:

“ Calleiro, paletilla,

⁴⁷ GONZÁLEZ, Dolores. De S. Pedro de Cervantes (Cervantes), 84 anos.

⁴⁸ Julia. De Santalla de Devesa (Friol), de 70 anos.

⁴⁹ Saleta. Do S. Matías (O Veral) (Lugo), 77 anos.

**espinilla, asadura de (nome do doente),
volve ó teu lugar,
como o cura ó altar,
as pombas ó seu pombar
e as ondas ó mar.
Isto non é pola miña sabiduría
que é pola de Dios
e da Virxen María”⁵⁰.**

Na Graña (Abadín), para curar a enfermidade, dicíanse as seguintes palabras:

**“ Ana parió a Santa Ana,
Santa Ana parió a María,
María parió a Jesús.
Como estas tres cousas
son pura verdade,
espinilla, paletilla de (nome do doente)
vólvetes ó teu lugar,
como as ondas ó mar.
Polo poder de Dios
e da Virxen María”⁵¹.**

As entidades sagradas que aparecen mencionadas nos ensalmos son as seguintes: Deus, A Virxen María, Cristo, S. Xoán, Santa Ana, San Gregorio, Santa Isabel, San José, San Benito, San Gregorio e Nosa Señora das Neves.

As oracións que rezan os doentes e os menciñeiros, logo de recitar o ensalmo, son: o painoso e a avemaría, unha ou tres veces, e a Salve.

Finalmente faise alusión aos ensalmos e ás oracións correspondentes da seguinte maneira: nove veces ao día durante nove días consecutivos, nove días consecutivos, nove veces durante o mesmo día, tres veces ao día durante nove días seguidos, sete días consecutivos e cinco días.

⁵⁰ GARCÍA OTERO, Tamara. De Fontaneira (Baleira),

⁵¹ CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, Mercedes. Da Graña (Abadín), 40 anos.

Por outra banda, nos ensalmos podemos distinguir tres partes claramente diferenciadas, e ao mesmo tempo vencelladas entre sí.

1ª. Nalgúns ensalmos afirmase nas primeiras proposicións a verdade dalgúns sucesos, que constituen o fundamento para manifestar idénticos desexos de certeza no que segue logo. Tamén hai unha alusión imperativa a que os organos doentes volvan a súa realidade natural, establecendo unha comparación con outros ámbitos da realidade natural.

- | | |
|--|---|
| <p>A. “Cristo nació.
Cristo morreu.
Cristo resucitou.</p> | <p>B. “ Santa Ana parió a María.
María parió a Jesús.
Santa Isabel parió a San Juan”.</p> |
| <p>C. “ O cura vai decir misa
e o mozo para axudar,
con auga, pan e viño
para consagrar.</p> | <p>D. “ S. Xoán e Santa Ana
tiveron á Virxe María,
dela naceu o noso Señor Jesucristo.</p> |
| <p>E. “ Levántate paletilla, espinilla,
vólvete ó teu lugar”.</p> | <p>F. “ Espinilla, paletilla, calleiro, asadura
(de fulano de tal)
se volva ao seu lugar”</p> |
| <p>G. “ Ana parió a María,
María a Jesús,
Jesús morreu en una cruz”.</p> | |

Nas premisas, fundamento da analoxía, afirmase a verdade de tres acontecementos; a continuación e, dun xeito explícito, manifestanse idénticos sentimentos e desexos de certeza e seguridade ⁵².

2ª. Na segunda parte dos ensalmos establecece normalmente unha comparación analóxica entre o organo danado e outras vertentes da realidade física, animal e humana.

- A. “ Calleiro, paletilla,
espinilla, asadura de (nome do doente),

⁵² LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Brujería, Estructura social y Simbolismo en Galicia*, Madrid: Akal, 1979, páx.137-

volve ó teu lugar,
 como o cura ó altar,
 as pombas ó seu pombar
 e as ondas ó mar.

B. “ Paletilla, espinilla y asaduras,
 de (fulano de tal),
 Dios se las vuelva a su lugar,
 así como el agua va para el mar,
 las palomitas al palomar
 y el cura da la vuelta en el altar.

Estes fenómenos mostrannos movementos de ida e retorno. As ondas, aves e cregos saen do seu respectivo emprazamento ou lugar propio, mais a él rematan volvendo. Polo tanto, por medio dunha relación místico-analóxica manifestase o desexo de que a parte dislocada e causante da doenza volva ao lugar que lle corresponde. “El argumento analógico proposicional comienza estipulando semejanzas entre los dos niveles de la realidad: así como las olas, aves, curas...tienen movimientos alternos de ida y regreso, de esa misma forma quieren que la paletilla, la espinilla, aunque temporalmente dislocadas, vuelvan también al sitio o lugar que les corresponde, dejando el cuerpo sano”⁵³.

Por outra banda, se en todos os niveis da natureza cada ser ten uns movementos regulados por unha lei xeral, o noso corpo, como unha entidade desa natureza, non ía ser unha excepción.

3ª. Na terceira parte distínguese cómo o menciñeiro nunca actua no seu propio nome. O seu poder é vicario, non intrínseco as súas persoas, dotes ou coñecimentos; a súa capacidade e poder terapéutico orixínase e provén da participación e manipulación das manifestacións do sagrado⁵⁴. Esta dependencia do sagrado queda reflectida nas bendicións e oracións que rematan do seguinte xeito:

A. “ Polo poder de Dios e da Virxen María,

⁵³ LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Brujería, Estructura social y Simbolismo en Galicia*, Madrid: Akal, 1979, páx.139.

⁵⁴ Ibidem, páx. 172.

un padrenuestro e un avemaría”.

B. “ Isto non é pola miña sabiduría
que é pola de Dios
e da Virxen María”.

C. “ Non é polo meu poder
nin pola miña sabiduría,
senón polo poder de Dios
e da Virxen María.

8.2. DISLOCACIÓNS, GOLPES E ROTURAS DE OSOS.

En Moreda do Courel (Seoane, Courel), para sandar unha man rota, había que pasala por onde pasaban a roda do carro e mencionar o seguinte ensalmo:

**“ Tanto teña esta man miña,
aberta e desconxuntada,
como esta pedra
ten de mudada”⁵⁵.**

Na comunidade de Santiago de Cubilledo (Baleira), para curar algún membro do corpo dislocado, levábase ó doente a un lugar onde se xuntasen a auga de varias fontes e mencionábase – no caso de que fosen tres fontes- o seguinte:

**“ Conforme a auga
destas tres fontes
van dar ó mar,
que así volva a xuntalo
pé, man, rodilla, tobillo...
no seu lugar.
Polo poder de Deus**

⁵⁵ GÓMEZ PÁEZ, María. De Moreda do Courel (Seoane) (Courel), 57 anos.

e da Virxen María”⁵⁶.

Logo collíanse nove pedriñas e citábase o ensalmo nove veces, facendo cruces sobre a parte danada. Cada vez que se dicía o ensalmo tirábase unha das pedras ó chan. Como remate rezaban o painoso e o avemaría.

En Sudros (S. Pedro do Río, A Fonsagrada), collíase unha agulla enfiada coa que se rodeaba nove veces a parte mancada do nocello e se clavaba nun nobelo, intre no que se recitaba a seguinte fórmula:

**“ Fío torto que prenda no óso
como a berza no horto,
a silva na mar,
que tódolos ósos
volvan ó seu lugar.
Se é esfiado,
se é esnogado,
se é estocado.
Polo poder que Deus ten,
e a Virxen María. Amén”⁵⁷.**

Cada vez que a persoa, que levaba a cabo o ritual de curación, recitaba esta fórmula, o doente debía dicir: **“ Que coses aí”**.

Tanto a agulla, como o fío, non se deben usar para outros fins ata que o enfermo sande.

Na Póboa do S. Xiao empregábase a seguinte pregaria para as contusións e escordaduras dos ósos.

**“ Jesús nació,
Jesús fue bautizado,
Jesús sufrió pasión y muerte,
Jesús resucitó**

⁵⁶ GÓMEZ PESTAÑA, J. Antonio .De Santiago de Cubilledo (Baleira), 59 anos.

⁵⁷ LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros (S. Pedro do Río) (A Fonsagrada), 83 anos.

**y ascendió a los cielos,
Jesús está sentado
a la derecha de Dios.
Por estas grandes verdades
que inspiran a los cristianos,
que tus enfermedades sean curadas
como fueron las heridas del Señor”⁵⁸**

En Santiago de Cubilledo (Baleira), para curar os pés torcidos, usábase o seguinte ritual: “ Unha persoa fai que cose e de feito enrodela un fío ó redor do pé, establecéndose o seguinte diálogo entre o doente e a persoa que trata de curalo”:

“ ¿Qué coses? dí o enfermo.

**Fío aberto,
esfiado,
esnogado,
desencabalicado,
desincordiado,
que prenda no óso
como a col no horto.
Por o poder de Deus
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un avemaría”⁵⁹.**

Na Graña (Abadín) utilizábase o seguinte ensalmo para sandar as dislocacións:

**“ Fillo que de carne
e sangue saíches,
vólveto ó teu lugar,
como as ondas
que andan polo mar,**

⁵⁸ RIVERA ARIAS, Elena. Da Poboia do S.Xiao, 78 anos.

⁵⁹ GÓMEZ PESTAÑA, José A. De Santiago de Cubilledo (Baleira), 59 anos.

**que por obra de Dios
y el Espíritu Santo,
vólvense ó seu lugar”⁶⁰.**

En Xermar (Cospeito), para curar calquera tipo de golpe, facíase unha pasta con fariña de trigo, de millo e auga. A pasta quentábase e con ela dábanse emplastos na zona dolorida, mentres se recitaba a seguinte pregaria:

**“ Ai, Señor que estás no ceo,
achégate a nós e axudanos”⁶¹.**

O ritual realizábase, ás noites, durante dous días seguidos.

No Freixo (A Fonsagrada), para componse un pé, collíase un novelo de lá e unha agulla e frotábase o pé co novelo. Logo, collíase a agulla e pasábase polo novelo ó redor do pé, mentres o afectado preguntaba: **¿ Que coses?** e o compostor contestáballe:

**“ Cosa o que coso,
fío retorto
que prenda no óso,
coma a col no horto.
Polo poder que Dios ten,
e a Virxen María. Amén”⁶².**

Este ritual levábase a cabo durante nove días seguidos.

En Santa María de Gondar (Lugo), para sandar as fracturas, realizábase o seguinte ritual: a persoa que sufría a doenza poñíase no chan en posición horizontal. Logo, pasaba sobre ela, dun lado para outro, unha muller que tivese mellizos ou xemelgos. Mentres realizaba a operación pronunciaba as seguintes palabras, nas que intervíaa tamén o doente.

Muller: **“ Tu relaxaches.**

Doente: **eu relaxei**

⁶⁰ CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, Mercedes. Da Graña (Abadín), 40 anos.

⁶¹ GALLEGO LOZANO, Amparo. De Xermar (Cospeito), 81 anos.

⁶² FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Otilia. De Freixo (A Fonsagrada).

Tu enxamiaches.

Muller: **Eu enxamiei.
Dios queira que sanes
da túa relaxadura,
como eu sanei
da miña enxamiadura.
Polo poder de Deus
e da Virxen María”⁶³.**

Ao rematar o ensalmo o doente rezaba un painoso e unha avemaría. O ritual realizábase tres veces consecutivas.

Na dislocación e rotura de osos, apreciamos como o remedio compónse tamén de dous elementos:

Un físico, que pode referirse a elementos naturais: como auga, pedras e pasta de fariña de trigo, millo e auga, así como a certos obxectos vinculados coa curación: como agullas, fío, novelo de lá etc.

E outro suprafísico, ligados cos ensalmos, que permiten acadar a curación tendo en conta sempre aos elementos físicos.

As entidades sagradas que aparecen mencionadas nos ensalmos son as seguintes: Deus, A Virxen María, Jesús e o Espírito Santo.

As oracións que rezan os doentes e os menciñeiros, logo de recitar o ensalmo, son: o painoso e a avemaría.

Finalmente faise alusión aos ensalmos e ás oracións correspondentes da seguinte maneira: nove veces ao día, dous días, nove días consecutivos e tres veces consecutivas.

Por outra banda, menciónanse certos feitos da realidade física e suprafísica:

**“ Conforme a auga
destas tres fontes
van dar ó mar,
que así volvan a xuntalo...”**

⁶³ DAFOUZ, Leonides. De Santa Maria de Gondar (Lugo), 83 anos.

**“Jesús nació,
 Jesús fue bautizado,
 Jesús sufrió pasión y muerte,
 Jesús resucitó
 y ascendió a los cielos,
 Jesús está sentado
 a la derecha de Dios...”**

Logo, establececese nos ensalmos unha comparación analóxica entre o organo danado e outras vertentes da realidade física e humana.

**“ que prenda no óso
 como a col no horto...”**

**“ vólvetes ó teu lugar,
 como as ondas
 que andan polo mar...”**

Isto simboliza a expulsión do estado de enfermidade e polo tanto a paulatina recuperación do estado de saúde. Por outra banda, o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dunha maneira deliberada aquilo que se pretende acadar “ Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir”⁶⁴.

Finalmente apreciamos como o curandeiro-a nunca actúa no seu propio nome, debido a que o seu poder é vicario, non intrínseco as súas persoas, dotes ou coñecimentos; a súa capacidade e poder terapéutico orixínase e provén da participación e manipulación das manifestacións do sagrado⁶⁵. Esta dependencia do sagrado queda reflectida nas bendicións e oracións que rematan do seguinte xeito:

**“Polo poder que Dios ten,
 e a Virxen María. Amén.**

**“Polo poder de Deus,
 e da Virxen María”.**

⁶⁴ FRAZER, J.G.- *La rama dorada*. México: Ed. F.C.E., 1969, pág.141.

⁶⁵ Ibidem, pág. 172.